

## Francisco Romero Lema ou unha vida de homenaxe a Enrique Labarta Pose

Xosé María Rei Lema

**RESUMO** Comeza este artigo de Xosé María Rei Lema cunha síntese biobibliográfica de Francisco Romero Lema, un dos participantes na fundación do SEG. Despois de recoñecer a admiración que este intelectual de Baio sentía por Enrique Labarta Pose, realiza o autor do artigo unha descrición diacrónica da reivindicación da figura de Labarta que Romero Lema realizou ao longo de toda a súa vida. Deste xeito, comenta os numerosos artigos que publicou na prensa da época e as homenaxes que promoveu.

**ABSTRACT** The article begins with a biobibliographical synopsis of FRL, one of the co-founders of the Seminario de Estudios Galegos [Centre for Galician Studies]. After establishing the admiration that this intellectual from Baio felt towards ELP, the author shows how FRL undertook the rehabilitation of ELP during the whole of his adult life, via an examination of the many newspaper articles he published, and the homages he helped promote.

125

“¡Oh poeta!, ha sido excepcional tu estro fecundo e ingenioso como pocos, y fueron sobrados tus méritos, y tu nombre justamente celebrado; pero que marchitos veo hoy los laureles de victoria que un día se ciñieron a tus sienes”<sup>1</sup>. Francisco Romero Lema dedica estas palabras a Enrique Labarta Pose expondo o que ha ser unha constante na súa vida: “que se haga cumplida justicia con el talento y el valer. Y entonces subirá muy alto el nombre de Labarta Pose, y se sentará su reputación literaria en el solio de las grandezas regionales”<sup>2</sup>.

Esta foi, xa que logo, unha das tarefas máis importantes que o estudioso baiés levou a cabo durante a súa vida, pero non é a única. Ramón Francisco Romero Lema (Baio, 1903-1972), licenciado en Filosofía e Letras, destacou moi cedo por ser un dos nove compoñentes que no outono de 1923 fundaron

<sup>1</sup> Romero Lema, F. (1928:3).

<sup>2</sup> Romero Lema, F. (1928:7).

o *Seminario de Estudos Galegos*<sup>3</sup>. Aínda que non foi membro de pleno dereito do SEG, o seu labor cultural recolle a esencia desta institución: o de abranguer todos os eidos posíbeis, e así tanto escribía sobre lingua ou literatura coma de historia, xeografía, etnografía e mesmo economía. O seu gusto pola filoloxía fixo que recompilase o léxico da súa comarca nun *Vocabulario de Soneira* (de recente publicación<sup>4</sup>) e tratase de demostrar a orixe galega de Colón baseándose na lingua dos escritos do almirante<sup>5</sup>. No campo da literatura escribiu numerosos artigos, a maioría aínda inéditos, sobre os máis variados escritores: Martín Torrado, Diego Cernadas (“O Cura de Fruíme”), Eduardo Pondal, Pepe de Xan Baña ou Manuel Antonio (por certo, íntimo amigo dun seu irmán maior, Xosé, introductor do rianxeiro no nacionalismo segundo se desprende da correspondencia entrambos<sup>6</sup>). Pero foi o seu veciño e amigo Enrique Labarta Pose (Baio, 1863 – Barcelona, 1925) quen espertou maior interese e admiración nel.

Convén fixarse nas datas e reparar que cando morre Labarta, Paco Romero viña de cumprir os vintedous anos. Do mesmo xeito, cómpre subliñar a traectoria vital do poeta no século XX, con continuos translados a distintas cidades da península<sup>7</sup>. A pesar da diferenza de idade e do “exilio laboral” que sufriu Labarta nos derradeiros anos da súa vida, a amizade entrambos os dous fixo que Romero coñecese polo miúdo todas as camiñatas, tanto persoais coma literarias, que deu o insigne escritor. Non en balde, veu sendo considerado como o mellor coñecedor da obra labartiana e o seu gran biógrafo.

Coa trágica morte do poeta e contista baiés comeza o labor de Romero coa finalidade exposta no primeiro parágrafo deste artigo: perpetuar a figura de Labarta. Así, foi o instigador das homenaxes que lle tributaron na súa vila natal. A primeira delas celebrada no terceiro cabodano (13 de maio de 1928), para a cal elaborou un sentido discurso no que glosaba e louvaba a obra do poeta, ao tempo que facía unha dura crítica por atoparse “olvidado de los suyos e injustamente preterido y juzgado por la crítica al uso”. Esta homenaxe tributada

<sup>3</sup> Para coñecer a súa versión da fundación desta entidade vid. Rei Lema, X.M. (1999).

<sup>4</sup> Vid. Romero Lema, F. (2000).

<sup>5</sup> Sobre este tema publicou varios artigos na prensa (*Faro de Vigo, La Noche*), que recompilou nun pequeno opúsculo sufragado por el mesmo (Vid. Romero Lema, F.: 1969).

<sup>6</sup> Vid. [Pérez Sánchez], Manuel Antonio (1979).

<sup>7</sup> Unha información máis detallada sobre a biografía de Labarta Pose pode consultarse en Varela Varela, X.M. (1995).

polos seus paisanos terá continuación dous meses despois (11 de xullo) coa colocación dunha placa de mármore na praza que leva o seu nome. Facíase eco deste acto *La Voz de Galicia* (19-7-28) con estas palabras: “¡Simpático y hermoso acto, pleno de entusiasmo y fervor, que ha dejado huella de emoción en nuestro espíritu, y que tan marcadamente contrasta con la general indiferencia que en la actualidad envuelve la figura de tan notable poeta”.

Esta era, tristemente, a realidade dos feitos. A figura de Labarta Pose estaba (e aínda continúa a estar) no maior dos olvidos ao pouco tempo do seu falecemento. Xa no ano 1926, Manuel J. Lema<sup>8</sup> publica un artigo co esclarecedor título de “Muerto y olvidado. Enrique Labarta Pose”. As razóns deste esquecemento son difíciles de formular, por canto, como sinalou Francisco Fernández del Riego, “poucos escritores conseguiron en Galicia unha resonancia popular como a acadada polo humorista de Baio”, sinalando como causa para este olvido que “en todos os pobos hai posto honroso pra segundas figuras, agás neste país noso, tan propenso a crueis esquezos”<sup>9</sup>.

Francisco Romero cre que as razóns do olvido están no feito de que Labarta teña que marchar de Galicia por motivos laborais, o que fixo que a súa produción nos últimos vinte anos de vida fose mínima, e que ademais non se preocupara por recompilar todos os escritos espallados por multitude de publicacións. Da correspondencia<sup>10</sup> entre o fillo do poeta, Enrique Labarta Martínez, e o propio Francisco Romero podemos tirar a conclusión de que este non se deu nunca por vencido. Así, no ano 1929 comenta con Labarta Martínez a edición dos mellores contos, así como a intención de reeditar *Millo Miúdo*, para o que lle demandarían un prólogo a Vicente Risco. Polo que sabemos, nin don Vicente fixo o prólogo nin se reeditou esta obra. Xa en 1966 Romero Lema proporase a edición da obra labartiana, para a que estivo recompilando materiais aínda non publicados en libro, pero Labarta Martínez, en vista das escasas vendas da edición que a editorial Porto fixera en 1960, aconséllalle que non as publique “pues lamentaría mucho que su deseo de honrar la memoria de mi padre resultara un fracaso económico”<sup>11</sup>.

<sup>8</sup> Lema, Manuel J., “Muerto y olvidado. Enrique Labarta Pose”, *La Voz de Galicia*, 11 xuño 1926, p.5.

<sup>9</sup> Fernández del Riego, F., “Un poeta festivo”, *Faro de Vigo*, Suplemento Cultural, Vigo, 9 maio 1981, p.30.

<sup>10</sup> A correspondencia entre E. Labarta Martínez e F. Romero Lema aparece recollida en Labarta Pose, E. (1995:556-561).

<sup>11</sup> Correspondencia de E. Labarta Martínez con Francisco Romero con data do 27 de outubro de 1966, publicada en Labarta Pose, E. (1995:561).

Será, pois, a través de artigos na prensa como Romero Lema manteña viva a memoria de Labarta Pose. Así, o 14 de maio de 1954 publica no xornal compostelano *La Noche* o artigo titulado “La obra de Enrique Labarta. Su fama como poeta festivo oscureció sus méritos como poeta lírico”, asinado co habitual pseudónimo de Rosendo Ruiz. Nel fornécenos de datos sobre a súa vida, dende as orixes da familia, os seus estudos en Santiago, os seus continuos cambios de residencia e os progresos no traballo de funcionario de Facenda (tan deostado por el) ata as tráxicas circunstancias da súa morte (accidente ferroviario). Tamén se fai eco da polémica que houbo no seu día sobre se o personaxe central, Casimiro Barcala, da obra de Alejandro Pérez Lugín, *La casa de la Troya*<sup>12</sup>, estaba baseado no propio Labarta. Romero non o dubidaba, pois, á parte da semeianza eufónica dos apelidos, había experiencias vitais coincidentes.

Mais a maior parte do artigo céntrase no campo literario e vains informando a modo de anuario de todas as súas publicacións, xa sexan as revistas (*Galicia Humorística*, *La Pequeña Patria*, *Extracto de Literatura* ou *Galicia Moderna*), xa os libros publicados, ademais dos moitos premios por el acadados en certames literarios. En cada reseña que facía dos libros sempre salientaba as que segundo el eran as mellores composicións. Dentro deste eido o máis subliñábel é que nos informa do Labarta dramaturgo, feito totalmente descoñecido pola gran maioría ao permaneceren inéditas estas pezas teatrais, e só a amizade entrambos veciños fixo que o noso crítico as coñecese. Eran estas un sainete en galego titulado “Unha boa misa” e as zarzuelas en castelán “Al planeta Marte” e “El alcalde de Matalarrana”. Co estudio e publicación da obra completa labartiana que nesta última década do século está a realizar o malpicán Xosé Manuel Varela Varela, conseguiu atopar no arquivo familiar as dúas zarzuelas, pero do sainete a penas se teñen noticias<sup>13</sup>. Remata o artigo Romero Lema coas que, na súa opinión, eran as características definitorias da súa escrita: “La ingeniosidad y la gracia, la ironía, la ternura y la delicadeza, la fluidez de la forma y la transparencia del pensamiento”<sup>14</sup>.

O 7 de setembro de 1963 publica, co sinxelo título de “Enrique Labarta Pose”, un novo artigo en *La Voz de Galicia*, que vén ser unha refundición do

<sup>12</sup> Pérez Lugín, Alejandro, *La casa de la Troya*, Madrid: Librería de los Sucesores de Hernández, 1915.

<sup>13</sup> Sobre o Labarta dramaturgo vid. Varela Varela, X.M. (1994). Tato Fontaiña (1999:98) fala da representación do sainete “Unha boa misa polo coro popular ‘Foliadas e Cantigas’”, pero di que non se chegou a publicar.

<sup>14</sup> Ruiz, Rosendo (1954:3).

anterior, pero aumentado e completado en moitos dos seus datos, tanto biográficos coma literarios. Son sobre todo subliñábeis os referidos á última parte da súa vida, manténdonos ao tanto dos poemas soltos que escribiu, xa na prensa de aquí, xa na de alén mar. Tamén nos refire a intención do poeta de publicar un novo libro con todas estas poesías da última época, pero a morte impediullo. Destaca Romero, como remate, unha serie de poemas labartianos que non son só as súas mellores composicións, senón que “están entre las mejores con que cuenta el Parnaso gallego”. Son “Unha corrida de touros en Noia”, “O gaiteiro de Baio”, “Canto a Pontevedra”, “A festa de Tabeirón”, “Morreu o poeta” (dedicada a Curros), “O río Lérez” e “A Santiago de Compostela”.

Escribiu Romero Lema dous artigos máis sobre Labarta que permanecen aínda inéditos, nos que rebate con contundencia a algúns dos máis coñecidos estudiosos da literatura galega. Ambos os dous artigos figuran sen data, pero deberon ser escritos nos primeiros anos da década dos sesenta. O primeiro deles, e o máis longo, leva por título “La crítica de Varela Jácome”. Céntrase nas edicións que o ilustre catedrático fixo en 1960 das “Poesías en gallego y castellano”<sup>15</sup> e dos “Cuentos humorísticos”<sup>16</sup>. Xa no parágrafo inicial vemos a intención crítica de Romero: “A estos dos volúmenes puso sendos prólogos Benito Varela Jácome, los cuales prólogos no están en consonancia con la valía del poeta y del cuentista. Es una edición muy descuidada, pues contiene numerosas erratas; por lo que tales libros no deben figurar en ninguna biblioteca”. Quizais por esta contundencia non se animou nunca a publicar o artigo, pero tamén é certo que o conservou entre os seus outros escritos inéditos e non o rachou. O desenvolvemento do artigo é un continuo rebatemento, composición por composición, daquelas que o filólogo de Soutolongo consideraba ripiosas ou de baixa calidade. Ademais Varela Jácome etiquetaba a Labarta como modernista, pero Romero discrepa e sitúao como romántico na súa primeira época e realista no resto da súa produción. O momento máis crítico do relato é cando trata da composición “Al ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha”, a cal estaba inspirada, segundo Varela Jácome, noutra de Rubén Darío<sup>17</sup>. Pero Romero fornece unha serie de datos (data da primeira lectura de ambos poemas, da publicación, do estilo, da métrica...) para liberar o seu

---

<sup>15</sup> Labarta Pose, E. (1960a).

<sup>16</sup> Labarta Pose, E. (1960b).

<sup>17</sup> Refírese á composición rubeniana “Letanía de Nuestro Señor Don Quijote”, publicada no libro *Cantos de vida y esperanza* (1905).

veciño da máis mínima sospeita de plaxio. Non deixa Romero de confrontar os poemas de Labarta con múltiples escritores, tanto da literatura galega coma española, para concluír cales poden ser as súas influencias, lonxe do modernismo que pregoaba Varela Jácome. É un pormenorizado e completísimo estudio da poesía labartiana, que vén a ser, en definitiva, o que suscita o grande interese deste descoñecido artigo.

O segundo dos artigos inéditos, que figura sen título, céntrase, de primeiras, en Carballo Calero e no que escribiu ao respecto da época da gloria literaria de Labarta na *Historia de la literatura gallega contemporánea*<sup>18</sup> (o artigo ten pois que ser posterior a 1963). Nel, o eximio ferrolán fala de que o esplendor da poesía decimonónica remata en 1888, pero Romero pensa que é unha equivocación pola súa parte, pois a época gloriosa remata en 1904, xa que “bastan las obras de Labarta para demostrarlo”. Seguidamente dá mostras disto insertando estrofas dalgunhas das composicións labartianas máis celebradas e coñecidas.

Deixa a un lado a crítica de Carballo Calero, para centrarse agora en Emilia Pardo Bazán, quen como presidenta do xurado dun certame en Ourense no 1887, non premiou a composición de Labarta “Defensa das mulleres” e si un poema de Filomena Dato “que es muy inferior al de Labarta”. Dános conta da anécdota posterior a este acontecemento, pois Labarta, créndose obxecto dunha inxustiza, non lle remitiu os seus poemas á condesa cando esta llos requiriu para xulgalos, e remata Romero “¿Cómo la eximia crítica coruñesa tuvo tan mal criterio y tan mal gusto en esta ocasión?”. Sobre o mesmo poema non lle gustou ao noso crítico as apreciacións que Alfredo Brañas fixo no prólogo que compuxo para o libro de Labarta, *Bálsamo de Fierabrás*<sup>19</sup>, pois nel hai, segundo Romero Lema, “trozos de la mejor poesía”. Un último crítico ‘deostado’ polo baiés é Carré Aldao, quen na súa *Literatura gallega en el siglo XIX*<sup>20</sup> “dedica a Labarta unas líneas despectivas; y estas líneas son la prueba más concluyente de que Labarta era un poeta muy celebrado”. Por se as súas consideracións non foran do todo suficientes, remata o artigo desculpando todo o que de malo poida ter a obra labartiana, xa que “es indudable que no se preocupó demasiado de la forma, por lo que a veces cae en desaliños y vulgarismos. Pero

---

<sup>18</sup> Carballo Calero, R. (1963).

<sup>19</sup> Labarta Pose, E. (1889).

<sup>20</sup> Carré Aldao, E. (1903).

hay que tener presente que no solo no publicó las obras completas sino que muchas de sus composiciones ni siquiera las recogió en libro. Si esto hubiera hecho, las habría corregido y mejorado”.

No final da súa vida, Francisco Romero aínda promove, xunto con outros persoeiros da vila de Baio, un acto-homenaxe con motivo do 46 aniversario do falecemento do poeta (13-5-1971). Segue, así, honrando a figura do seu admirado veciño e amigo, aquel que soubo recoller “las mimosidades y dulzuras de Rosalía, el verbo flagelante de Curros, fervores patrios de Añón, modalidades picarescas de Benito Losada, fuertes esencias campesinas de Lamas Carvajal...”<sup>21</sup>, en definitiva, Enrique Labarta Pose era, e séguese a ser, “un excelente cuentista, un buen poeta lírico y el mejor poeta humorístico de Galicia”<sup>22</sup>.

Xosé María Rei Lema

## Bibliografía

Carballo Calero, Ricardo, *Historia de la literatura gallega contemporánea*, Madrid: Editora Nacional, 1963.

Carré Aldao, Eugenio, *La literatura gallega en el siglo XIX*: A Coruña: Librería Regional de Carré, 1903.

Labarta Pose, Enrique, *Bálsamo de Fierabrás, colección de versos gallegos y castellanos con un prólogo de Alfredo Brañas*, Madrid: Librería de Fernando Fe, 1889.

Labarta Pose, Enrique, *Poesías en gallego y castellano; prólogo de Benito Varela Jácome*, Santiago de Compostela: Porto y Cía Editores, 1960.

Labarta Pose, Enrique, *Cuentos Humorísticos*, prólogo de Benito Varela Jácome, Santiago de Compostela: Porto y Cía Editores, 1960.

Labarta Pose, Henrique, *A Poesía Galega Completa*, estudio, cronoloxía e bibliografía por Xosé Manuel Varela Varela, A Coruña: Edinosa, 1995.

[Pérez Sánchez], Manuel Antonio, *Obra Completa. III. Correspondencia*, introducción e notas de Domingo García-Sabell. Vigo: Galaxia, 1979.

---

<sup>21</sup> Romero Lema, F. (1928:4).

<sup>22</sup> Romero Lema, F. (1970).

Reo Lema, Xosé María, “A fundación do Seminario de Estudos Galegos, segundo Francisco Romero Lema”, *A Trabe de Ouro*, nº 37, 1999, pp.93-99.

Romero Lema, Francisco, *Enrique Labarta Pose (1863-1925)*, A Coruña: Tipografía El Ideal Gallego, 1928.

Romero Lema, Francisco, *La Lengua de Cristóbal Colón*, A Coruña: Imprenta Moret, 1969.

Romero Lema, Francisco, “Enrique Labarta Pose”, *Bayo en fiestas. Septiembre 1970. Días 8, 9 y 10*, Santiago de Compostela: Tipografía Seminario, 1970.

Romero Lema, Francisco, *Vocabulario de Soneira, edición e notas de Xosé María Rei Lema. Anexo 6 de Cadernos de Lingua*, A Coruña: Real Academia Galega, 2000.

Ruíz, Rosendo (1954), “La obra de Enrique Labarta. Su fama como poeta festivo oscureció sus méritos como poeta lírico”, *La Noche*, 14 maio 1954, p.3.

Tato Fontaíña, Laura, *Historia do Teatro Galego. Das orixes a 1936*, Vigo: A Nosa Terra, 1999.

Varela Varela, Xosé Manuel, “Unha obra de difícil acceso”, *La Voz de Galicia*, 17 de maio 1994, p.38.

Varela Varela, Xosé Manuel, “Enrique Labarta Pose: apuntamentos para unha biografía”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, 1995, pp.105-115.